

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27013314	IES Santiago Basanta Silva	Vilalba	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	2º ESO	4	140

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	8
3.1. Relación de unidades didácticas	10
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	12
4.1. Concrecións metodolóxicas	21
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	24
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	24
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	26
6. Medidas de atención á diversidade	27
7.1. Concreción dos elementos transversais	28
7.2. Actividades complementarias	29
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	29
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	31
9. Outros apartados	32

1. Introducción

CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO DO IES BASANTA SILVA

Unha programación global, e non só de lingua e literatura, ha de responder antes ca nada á realidade sociolingüística. A ampla porcentaxe de galego-falantes responsabilízanos á hora de pescudar cales son os usos lingüísticos do alumnado (con quen falan en galego, en que rexistros etc.) e tamén á hora de estender o código culto do noso idioma para os usos tecnolóxicos, científicos e comunicativos do mundo actual. Partimos dun contexto que dará transcendencia ao perfeccionamento e ao uso efectivo e xeralizado do idioma. Sabemos que a normalización lingüística asenta en varios piares e todos eles deben ser priorizados.

Preocúpanos a minorzación da nosa lingua, os prexuizos que persisten, os ataques aos dereitos dos galego-falantes e a negación destes feitos por sectores relevantes da sociedade, mesmo por parte da propia Xunta de Galicia, que se gaba dun bilingüismo harmónico frontalmentet oposto ao que os estudos sociolingüísticos sinalan. Todo isto ten serias repercusións a nivel social, son ideas e condutas que van apousando no individuo e, como non, tamén na comunidade educativa.

Entorno xeográfico e socio-económico

O IES Santiago Basanta Silva está situado na vila de Vilalba, capital da comarca da Terra Chá. O alumnado do centro procede principalmente do concello vilalbés e dos concellos limítrofes, todos de carácter rural.

A poboación vive na súa maioría do sector primario e do sector servizos, pero Vilalba conta tamén cunha nada despreciable industria.

Nótase nos últimos anos un incremento significativo da poboación inmigrante, habendo unha comunidade importante de orixe marroquí, pero non é a única.

Características do alumnado do centro

O alumnado do IES Basanta Silva cursou maioritariamente os estudos de ensinanza primaria nos centros adscritos e o ensino secundario neste centro. A súa formación é xeralmente axeitada, aínda que se perciben algunhas carencias específicas de base académica, especialmente en materias fundamentais como as linguas e as matemáticas. Contamos, por outra banda, con alumnado que presenta diversas necesidades, algunhas delas son cubertas con adaptacións curriculares e outras a través de reforzos e apoio educativo. E, por último, prodúcese tamén algúns casos de problemas de conduta e dificultades de convivencia. Este curso académico en 2º ESO hai un total de 112 alumnas/os.

A lingua de comunicación do alumnado, en liña co esperado dado o contorno rural no que vive, é maioritariamente o galego. Se ben é certo tamén que o alumnado castelán-falante vai en aumento, especialmente nas xeracións máis novas. A isto hai que sumar o feito de contarmos no noso centro cun considerable número de alumnado estranxeiro, moitos dos cales descoñecen o galego e o castelán. A este respecto, o que se vén observando, cando menos nos últimos anos, é que hai unha evidente tendencia a priorizar o ensino-aprendizaxe

do español como 1ª lingua para este tipo de alumnado, feito que implica un dobre perigo:

- O primeiro deles afecta ao alumnado estranxeiro, cuxo ensino se prioriza en castelán mentres o ámbito lingüístico do centro e da contorna é predominantemente galego. Semella que detrás deste acto se esconde a idea de que "será mellor para eles aprender primeiro castelán", sen que o galego "interfira" no seu ensino; o castelán ofreceralles maiores oportunidades etc. Podemos deducir de todo isto que o galego supón un atranco en lugar dunha oportunidade.

- O segundo atinxe ao alumnado galego, no que se afianzan prexuizos que xa deberan estar desbotados. Eles vense en certo modo na obriga de comunicarse en castelán co alumnado foráneo. Sumado a isto, non sería estraño que puidesen chegar a mermarse os dereitos lingüísticos do alumnado galego porque nas áreas onde a lingua galega é de obrigado uso moitas veces utilízase o castelán para favorecer ao alumnado estranxeiro.

Así as cousas, prexudícase a maioría para beneficiar... a quen? Calquera especialista en linguas e en normalización lingüística sabe que a resposta é obvia: ninguén sae beneficiado.

Lembremos que as linguas, todas, son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. Lembremos tamén que a través delas achegámonos ao xeito de vida e ás formas de pensamento

doutros pobos e dos seus patrimonios culturais. Polo tanto, a formación lingüística é un instrumento que ten como obxecto falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e experiencias; é un medio para as relacións interpersoais e é motor do noso pensamento e das nosas reflexións, ademais de porta de acceso ao coñecemento. Ten que ser unha ferramenta para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara aos usos creativos e lúdicos das linguas e permitir unha achega ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

Así as cousas, se avogamos por unha educación plurilingüe e intercultural, os enfoques deben ser plurais, transversais e integradores. A súa finalidade debe ser a de promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Pero é que ademais, mediante o diálogo intercultural póñense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural e o respecto dos dereitos fundamentais.

Por iso mesmo, desde o departamento de Lingua Galega e Literatura apostamos polo tratamento integrado das

linguas, no que se toma en consideración o punto de partida diferente de cada unha delas. Polo tanto, non se pode esquecer, obviar ou mirar para outro lado no relativo á situación de minorización da lingua galega. Cómpre favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización. O alumnado galego (ou aquel que vive e cursa ensino obrigatorio en Galicia) debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz das dúas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.

A materia de Lingua Galega e literatura

A finalidade da materia de Lingua Galega e Literatura na educación secundaria obrigatoria oríentase tanto á eficacia comunicativa como a favorecer progresivamente un uso ético da linguaxe, que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas; así mesmo, pretende fomentar o hábito da lectura, comprensión, interpretación e expresión crítica de textos de diferentes tipoloxías e o apego e a un patrimonio cultural, lingüístico e literario que lle é propio. Desta maneira, a materia contribúe a seguir avanzando no desenvolvemento de todas as competencias abordadas en primeiro curso.

O currículo da materia de Lingua Galega e Literatura de 2º ESO establece, ademais dos obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos que se deben traballar no nivel. Aparecen distribuídos en catro bloques: O primeiro bloque, «As linguas e os seus falantes» incide no recoñecemento da diversidade lingüística do alumnado, de Galicia, de España e do mundo, en especial do ámbito lusófono. O segundo bloque, «Comunicación», integra os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización mediática e informacional. O terceiro bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar a propia identidade lectora e desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios. O cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico usando unha metalinguaxe específica.

Nesta programación estes bloques desenvólvense en tres unidades didácticas articuladas segundo a ORDE do 12 de abril de 2024 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024/25 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. Para introducir cada unidade faranse lecturas que tenderán a relacionarse con algún contido transversal. Estas lecturas iniciais son moi importantes por canto, por unha banda, promoven o traballo práctico de comprensión lectora e, por outra, potencian o debate; ao que hai que engadir que contribúen á aprendizaxe de novo léxico e introducen outras cuestións

lingüísticas e extralingüísticas relativas á materia.

Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre tamén salientar a incorporación de nocións básicas das linguas da Península Ibérica, particularmente da portuguesa e, de ser o caso, dalgunhas linguas de procedencia do alumnado.

Este fomento do ensino/aprendizaxe do portugués está en consonancia coa Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, e coas directrices da Unión Europea relativas ao coñecemento das variedades lingüísticas próximas e, de modo especial, ás transfronteirizas que presentan vínculos históricos e estruturais tan evidentes como acontece co galego e o portugués. A coñecida tamén como Lei Valentín Paz Andrade incide nesta idea ao establecer que «a lingua propia de Galicia, polo feito de ser intercomprensible co portugués, outórgalle unha valiosa vantaxe competitiva á cidadanía galega» e prosegue, «por iso debemos dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é moi próxima e nos concede unha grande proxección internacional».

A escolla das obras de lectura obrigatoria para o curso faise tendo presentes os criterios de inclusión de obras representativas da literatura galega; obras de autores/as destacados de diferentes épocas e con diferentes temáticas que poidan resultar atractivas para o alumnado e obras de diferentes xéneros literarios.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística da Península Ibérica e do mundo, analizar a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e as características dialectais do galego para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos, valorar a diversidade e crear vínculos socioafectivos coa lingua galega.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma, avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social e cultural da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	As palabras que nos unen.	A avaliación inicial realizarase nas primeiras semanas de curso. Continuarase co coñecemento de léxico de diferentes campos semánticos e afondarase no emprego das regras de acentuación e	33	60	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	As palabras que nos unen.	ortografía. Dende un punto de vista morfosemántico tratarase a palabra (estrutura e clases), a oración e o suxeito e o predicado. Traballarase a diversidade lingüística, as linguas da Península Ibérica. Analizaranse diferentes tipos de texto e as propiedades textuais. Afondaremos nos xéneros literarios. O resumo e o esquema tamén serán abordados. Ao longo desta unidade, coma nas dúas seguintes, lerase na clase e na casa un libro de lectura obrigatoria a proposta do profesorado. Tamén se valorará a oralidade do alumnado a través da observación diaria e de exposicións na aula ao igual que o traballo que o alumnado realice diariamente. Os contidos que se desenvolvan ao longo da unidade avaliaranse a través dunha proba escrita e/ou oral.	33	60	X		
2	Redes literarias	Na segunda unidade seguirase ampliando léxico galego. Afondarase nos distintos tipos de textos (narrativo, expositivo e argumentativo) Aproveitaranse estes para incidir en aspectos ortográficos como o uso dalgúns signos de puntuación, a maiúscula, a minúscula e a diérese. En relación á literatura, centrarémonos na narrativa e na poesía lírica. En canto aos conceptos gramaticais de carácter morfolóxico tratarase o adxectivo, o verbo e o pronome e a súa función na oración. Analizarase a situación do galego actualmente, os prexuízos lingüísticos e farase unha introdución á lingua de signos. De novo, lerase en clase e na casa un libro de lectura obrigatoria a proposta do profesorado. Tamén se valorará a oralidade do alumnado a través da observación diaria e de exposicións na aula ao igual que o traballo que o alumnado realice diariamente. Os contidos que se desenvolvan ao longo da unidade avaliaranse a través dunha proba escrita e/ou oral.	33	40		X	
3	Posta en escena	Nesta unidade seguirase aprendendo léxico galego e estudaranse novos tipos de texto. No tocante á ortografía traballaranse os grupos consonánticos entre outras cousas. En relación á literatura traballaremos a	34	40			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Posta en escena	poesía e o teatro. Continuarase a formación iniciada en 1º ESO dos conceptos sintácticos e estudaranse os diferentes tipos de oración, así como o suxeito, predicado e os complementos. De novo, lerase en clase e na casa un libro de lectura obrigatoria a proposta do profesorado. Tamén se valorará a oralidade do alumnado a través da observación diaria e de exposicións na aula. Os contidos que se desenvolvan ao longo da unidade avaliaranse a través dunha proba escrita e/ou oral.	34	40			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	As palabras que nos unen.	60

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado recoñece as semellanzas e diferenzas máis salientables entre as diferentes linguas da Península.	PE	60
CA2.5 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende e interpreta o sentido global, estrutura e información relevante de textos escritos e multimodais.		
CA2.7 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, e presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado fai redaccións sobre un tema proposto pola profesora con un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende e interpreta o sentido global (información relevante, a intención do emisor...) do libro de lectura obrigatoria da narrativa xuvenil actual.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.9 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado crea textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado identifica e utiliza correctamente o acento gráfico e diacrítico, o xénero e o número dos substantivos e adxectivos que o acompañan, así como léxico xenuinamente galego.		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado revisa un texto dado e soluciona problemas lingüísticos coa axuda dicionarios, de manuais de gramática e de correctores ortográficos, en soporte analóxico e dixital.		
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado comprende textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	TI	40
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valora a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.		
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado expón brevemente o tema designado polo profesor axustándose ás convencións das secuencias narrativas, expresándose con fluidez, no rexistro adecuado, empregando recursos como a deixé e usando con coherencia os tempos verbais.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa de maneira activa e adecuada en interaccións orais formais e informais.		
CA3.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social a partir da información seleccionada.	O alumnado elabora traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social a partir da información seleccionada.		
CA3.5 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	O alumnado selecciona un texto do seu gusto do que terá que facer unha ficha de lectura cos indicadores dados en clase.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado explica e argumenta o libro de lectura obrigatorio este trimestre, a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Observación e valoración da diversidade lingüística da aula. - Primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Coñecemento do seu léxico máis habitual. Aspectos socioculturais dos países lusófonos. - Introducción á reflexión interlingüística. - Aproximación ao coñecemento das características máis básicas das linguas éuscara e catalá. - Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Recursos lingüísticos para mostrar a implicación do emisor nos textos: formas de deixé (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización. - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. - Mecanismos de cohesión. Conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, hiperónimos e elipses). - Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura.

Contidos

- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados ao circuío literario e lector.
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos efectos na recepción.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
2	Redes literarias	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado detecta nun texto oral, escrito ou multimodal prexuízos e/ou estereotipos lingüísticos relativos á utilidade da lingua galega e expón algún argumento para refutalos.	PE	60
CA2.5 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende e interpreta o sentido global, estrutura e información relevante de textos escritos e multimodais.		
CA2.6 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valora a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, e presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado fai redaccións sobre un tema proposto pola profesora con un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	O alumnado analiza os usos discriminatorios da lingua e como se manipula a linguaxe de cara a conseguir uns determinados fins.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valora o contido e algúns aspectos formais (temática, recursos...) de textos sinxelos, analiza a súa fiabilidade e a eficacia do proceso comunicativo.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado identifica, en textos dados, distintos tipos de adxectivos e verbos		
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado, logo de contrastar varias versións dunha mesma noticia, redacta a súa propia versión, respectando os principios de propiedade intelectual.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado comprende textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	TI	40
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado expón brevemente o tema designado polo profesor axustándose ás convencións das secuencias narrativas, expresándose con fuidez, no rexistro adecuado, empregando recursos como a deixé e usando con coherencia os tempos verbais.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participa de maneira activa e adecuada en interaccións orais formais e informais		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende e interpreta o sentido global (información relevante, a intención do emisor...) do libro de lectura obrigatoria deste trimestre		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social a partir da información seleccionada.	O alumnado labora traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social a partir da información seleccionada.		
CA3.6 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	O alumnado, como mínimo, relaciona o sentido da obra lida coa súa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.		
CA3.9 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado crea textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado formula xeneralizacións sobre o funcionamento da lingua utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Aproximación ás linguas de signos, con especial atención á variante galega. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e valoración dos recursos para os evitar. - Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. - Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado.

Contidos

- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura.
- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
3	Posta en escena	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado recoñece as variedades dialectais das diferentes zonas de Galicia e recoñece a área dialectal na que se insire a súa bisbarra. Identifica algúns trazos dialectais da súa área lingüística (plural en -s, pronome tu, non seseo..) e valora estes fenómenos como mostra da riqueza do galego.	PE	60
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado detecta nun texto oral, escrito ou multimodal prexuízos e/ou estereotipos lingüísticos relativos á utilidade da lingua galega e expón algún argumento para refutalos.		
CA2.7 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, e presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado fai redaccións sobre un tema proposto pola profesora con un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende e interpreta o sentido global (información relevante, a intención do emisor...) do libro de lectura obrigatoria deste trimestre.		
CA3.8 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado, como mínimo, relaciona a obra de lectura con outras manifestacións artísticas e culturais en canto á súa temática e/ou a súa forma.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	O alumnado realiza procuras en manuais e dicionarios da Rede, atendendo a criterios de validez e fiabilidade. Tamén usa correctores ortográficos, procesadores de texto e programas de presentación para mellorar os seus traballos.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado explica e argumenta a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así coma os seus efectos no receptor.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado distingue e aplica con corrección as propiedades textuais (coherencia e cohesión) nos textos orais e multimodais. Emprega tempos verbais para dotar de cohesión este tipo de textos.	TI	40
CA2.3 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro axeitado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado expón brevemente o tema designado polo profesor axustándose ás convencións das secuencias narrativas, expresándose con fluidez, no rexistro adecuado, empregando recursos como a deixé e usando con coherencia os tempos verbais.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa de maneira activa e adecuada en interaccións orais formais e informais		
CA2.8 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	O alumnado, como mínimo, realiza por escrito unha reflexión coherente sobre as posibles manipulacións nas canles de transmisión de información.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.9 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e emendar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado revisa os poemas de creación e inspiración propia.		
CA3.3 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado, como mínimo, localiza posibles manipulacións en contidos procedentes dos medios de comunicación.		
CA3.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social a partir da información seleccionada.	O alumnado elabora un pequeno traballo sobre un tema indicado pola profesora. Debe seleccionar a información máis relevante e indicar correctamente as fontes consultadas.		
CA3.9 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado deberá elaborar un traballo multimodal sobre regueifas, brindos e loias poñéndoo en relación co rap e o reguetton.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Observación e valoración da diversidade lingüística da aula. - Xéneros discursivos vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais. - Procesos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos - Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica

Contidos

- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos e sobre a propia práctica da lectura.
- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Estratexias para a recomendación das lecturas, en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.
- Relación entre os esquemas semánticos e sintácticos da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Antes de comezar cada unidade, segundo a indicación do pedagogo galego, Miguel Vázquez Freire, trataranse de pescudar na aula os coñecementos previos do alumnado, para relacionalos progresivamente cos novos contidos que se impartan; só así se poderá conseguir unha aprendizaxe significativa e construtiva na que os novos coñecementos e o proceso de aprendizaxe estean relacionados co desenvolvemento psicolóxico, o ritmo evolutivo e as capacidades e contidos adquiridos previamente polas alumnas e alumnos. De calquera xeito, é preferible aprender poucos conceptos e facelo de xeito rigoroso e non moitos de maneira superficial, como sucede coa aprendizaxe memorística asinificativa.

Tamén se proporán preguntas que supoñan un revulsivo para as/os estudantes e que incrementen a súa atención por medio da interacción co/coa docente. É moi relevante para o profesor/a a premisa de ensinar a aprender segundo a cal a aprendizaxe é un proceso que se desenvolve ao longo da vida, por iso lle corresponde á/ao docente ir dotando o seu alumnado dunha progresiva autonomía que lle permita "aprender a aprender", a buscaren por si mesmos a información que teñen ao seu alcance para que o día de mañá saiban desenvolverse. Este punto é moi importante xa que este curso 2024/2025 a materia de Lingua Galega e Literatura pasa a formar parte do programa Edixgal, polo que o desenvolvemento progresivamente autónomo do alumnado é fundamental. Por outra banda, é preciso sinalar

que sería moi efectivo crear unha liña metodolóxica común ao longo de toda a etapa, para evitar cambios ou desaxustes bruscos na/o alumna/o ao mudar de curso.

Sabemos que o desenvolvemento intelectual pode ser acelerado mediante o emprego de determinadas estratexias didácticas, por iso, a metodoloxía de ensino en Lingua Galega e Literatura tratará de ser o máis activa posible e alternará traballos individuais con traballos cooperativos que melloren os vínculos entre o alumnado e mesmo favorezan as relacións interculturais, por suposto, incluíndo na mesma liña a ensinanza por competencias. Segundo a Teoría de Intelixencias Múltiples de Gardner existen diferentes estilos de aprendizaxe, por conseguinte, tratarase, na medida do posible, de atender os diferentes ritmos para que todo o alumnado vaia adquirindo os coñecementos básicos.

Teranse tamén en conta os estudos de Daniel Goleman que destacan a importancia de favorecer e perfeccionar a Intelixencia Emocional, sendo o principal obxectivo desta potenciación obter o mellor de cada persoa. Para iso hai que ter en conta os sentimentos do individuo e habilidades como a perseverancia, a empatía, a motivación, o control dos impulsos, a tolerancia á frustración etc.

LIÑAS METODOLÓXICAS

O principal propósito que se procura é mellorar a competencia comunicativa en lingua galega. Non esquezamos que a clase de lingua estivo tradicionalmente orientada, na meirande parte dos casos, á realización dunha serie de actividades pouco motivadoras, encamiñadas a conseguir uns contidos formais que dificilmente teñen relación co uso real da lingua.

Outra cuestión a ter en conta é o traballo da oralidade, pois en boa parte dos casos o uso da lingua polos rapaces e rapazas queda relegado a unha práctica ritual forzada polas clases de Lingua Galega e as outras materias que se imparten obrigatoriamente en galego. Por outra parte, somos moi conscientes de que a propia actitude do profesorado inflúe na motivación e rendemento do alumnado, pois como sinalou Jurjo Torres Santomé na súa teoría sobre o currículo oculto, en moitos aspectos, os valores transmitidos informalmente dende as aulas poden ter efectos moito máis determinantes e poderosos que os contidos curriculares explícitos. Teremos isto en conta para que non se produza ningún tipo de desaxuste na conformación do autoconceito nin na traxectoria académica do alumnado.

LIÑAS DE ACTUACIÓN NO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE

- O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan o traballo en equipo.
- A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.
- O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital e o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.
- O desenvolvemento dos contidos gradual e progresivo, de maneira que, ademais de incrementar a dificultade dos procesos e situacións comunicativas, tamén se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma.
- O traballo interdisciplinario e a coordinación con outros departamentos e equipos do centro, especialmente co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e co Equipo de Biblioteca. Esta colaboración incidirá na mellora dos procesos comunicativos e permitirá incorporar xéneros discursivos doutras materias e ámbitos de interese.
- A potenciación do tratamento integrado de linguas (TIL), que se reflectirá na incorporación de nocións básicas dalgunhas linguas da Península Ibérica, especialmente da portuguesa, e que se fomentará con actuacións que lle faciliten ao alumnado galegofalante a intercomunicación nos dous idiomas (intercambios lingüísticos, concursos, glosarios bilingües/multilingües...). Cómpre que sexa consciente da utilidade deste coñecemento, non só para reforzar os vínculos culturais, sociais e económicos con Portugal e con toda a comunidade de países lusófonos, senón tamén para que a lingua galega adquira unha maior proxección internacional.
- A presentación de recursos dixitais en lingua galega que faciliten a busca de información, a revisión dos textos e a súa posterior divulgación, sempre con respecto aos dereitos de propiedade intelectual. Ademais de consultar datos e de ampliar contidos, o alumnado debe familiarizarse co manexo de tradutores, correctores ortográficos e dicionarios ou manuais de estilo que lle axuden a mellorar a redacción dos seus escritos.
- A énfase nas estratexias que fomenten a oralidade e as competencias activas, co fin de que o alumnado adquira as habilidades necesarias para expresarse correctamente nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais). Entre o amplo abano de actuacións que contribúen ao desenvolvemento desta destreza e, asemade, a incorporación de contidos literarios, están as dramatizacións e representacións teatrais e todo tipo de iniciativas en formato audiovisual (booktráilers).
- A promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade, valorando o dominio dos sistema fonético-fonolóxico tanto vocálico coma consonántico, o uso do léxico tradicional e o emprego das estruturas morfosintácticas galegas.

- A erradicación dos prexuízos lingüísticos derivados da situación sociolingüística de Galicia nos últimos séculos, particularmente os que teñen que ver cos usos diglósicos do galego en determinados ámbitos.
- A detección e eliminación dos usos discriminatorios e ofensivos da lingua, de modo que se propicie a reflexión sobre os principios democráticos e se favoreza a análise crítica dos conflitos, tanto no centro educativo coma noutros ámbitos. Fomentarase un uso ético da linguaxe, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas.
- A proposta de obras e fragmentos de textos, literarios ou non, atendendo a valores socioculturais e éticos que promovan a defensa dos dereitos humanos e a conciencia ambiental. Tamén se deben abordar as lecturas desde unha perspectiva de xénero. As charlas con escritoras e escritores, os clubs de lectura ou os obradoiros literarios resultarán unha boa ferramenta para afondar nestes contidos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Beltrán Carballeira, Ramón X. (2019). Manual práctico de galego. A Coruña: Baía Edicións
Cunha, Celsa & Cintra, Lindley (2017). (7ª Ed.). Nova gramática do português contemporâneo de acordo com a nova ortografia. Rio de Janeiro: Lexikon Editora Digital.
Dicionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos (2007) Vigo: Xerais
Dosil, Benxamín (2015). Escrita doada: consellos para redactar ben. Vigo: Xerais
Dosil, Benxamín (2021). Manual de uso da lingua galega. Vigo: Xerais
Feixó Cid, Xosé G. (2021). Gramática da lingua galega. Síntese práctica (6ª Edición). Vigo: Xerais
Fernández Fernández, Isaac (2010). Dicionario galego-euscaro, euskara-galiziera. Vigo: Universidade de Vigo
Fernández Salgado, Benigno (Dir.) (2004). Dicionario Galaxia de usos e dificultades da Lingua Galega. Vigo: Galaxia
Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2013). Estilística da Lingua Galega. Vigo: Xerais
Frías Conde, Xavier (2022). O escáncer que sabía de máis e outras micropezas. Barcelona: La vaca voladora
Gran Dicionario Xerais da lingua (2009), VV AA, 2 tomos. Vigo: Xerais
Méndez Álvarez, Mª Xesús (2004). Ortografía da Lingua Galega. Vigo: Xerais
López Viñas, Xoán; Lourenço Mória, Cilha & Moreda Leirado, Marisa (2011). (2ª Ed. Corrixida). Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión. A Coruña: Baía Edicións
Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, 2003 (edición revisada) RAG/ILG
Novo Folgueira, Paulino (1999). Dicionario de uso para a comunicación. Vigo: Xerais
Aulas Galegas: https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/
Regueira, Xosé Luís (2010). Dicionario de pronuncia da lingua galega. A Coruña: Real Academia Galega
Rosales Cereijo, Manuel (2002). A linguaxe literaria. Guía de recursos para a análise textual. Vigo: Xerais
Vilagrassa Grandia, Albert (2018). A punt 1. Publicacions de l'Abadia de Montserrat. Bastons Vilallonga, Núria, Bernardó Fernández, Cristina, Comajoan Colomé, Llorenç (2011). Gramàtica Pràctica del català. Barcelona:Teide
A historia da Banda Deseñada galega (http://culturagalega.gal/noticia.php?id=16710)

Dicionario castelán-galego, Rinoceronte Editora: https://rinoceronte.gal/dicionario/
Dicionario de pronuncia da lingua galega: http://ilg.usc.es/pronuncia/
Portal das Palabras, Real Academia Galega e Fundación Barrié: http://www.portaldaspalabras.org/
Portal da Lingua Galega, Secretaría Xeral de Política Lingüística: https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega
Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG), RAG / ILG, Galaxia: http://www.realacademiagalega.org/recursos-volg
Entorno Virtual de Aprendizaxe (EVA) E-DIXGAL

As aulas e a biblioteca son os lugares en que o alumnado ten ao seu alcance a maioría dos recursos e materiais do centro. A biblioteca ofrece, ademais, obras de lectura, libros de texto, mapas, revistas, xornais e recursos dixitais para consultar información, realizar traballos de investigación etc. En resumo, o centro dispón de:

- Medios audiovisuais: ordenadores, pantallas dixitais, canón, impresoras, tablets...
- Recursos dixitais: dicionarios en liña, xornais dixitais e acceso a diversos portais da lingua (Portal da lingua galega, Portal das palabras), blogs, aplicacións etc.
- Material bibliográfico: libros de lectura, libros de texto e de consulta, dicionarios en papel, xornais, revistas, mapas etc.

Ademais, débese contemplar, tal como se especifica no artigo 78 da Orde do 8 de setembro de 2021, a necesidade de materiais axeitados para a atención á diversidade. O centro dispón dunha equipación adecuada para todo o alumnado, mesmo para aquel que teña dificultades de accesibilidade ás súas instalacións. Se se precisa algún outro material complementario adaptado a este tipo de alumnado, será solicitado á Consellería a través dos informes correspondentes.

Canto aos materiais, traballárase coa plataforma Edixgal ("Lingua galega e Literatura 2ºESO" Santillana), que as alumnas e alumnos manexarán co apoio e guía da profesora. Realizarán as actividades que se propoñen no caderno Obradoiro de Santillana e que se ampliarán coas súas propias anotacións, resumos e esquemas. O contido deste libro será completado con material moi diverso e en distintos soportes:

- Fichas de traballo e cadernos de traballo.
- Presentacións dixitais preparadas pola profesora/profesor ou polo propio alumnado.
- Fontes bibliográficas diversas como dicionarios, referencias artísticas, histórico-xeográficas e musicas etc.
- Vídeos na Rede.
- Páxinas Web e blogues sobre aspectos literarios, históricos ou sobre temas de actualidade.
- Selección de artigos de prensa impresa ou dixital ou de documentos referidos á actualidade.
- Obras literarias axeitadas á idade e madurez intelectual do alumnado.
- Selección de textos literarios (poéticos, narrativos e teatrais) para a súa lectura e comprensión.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial ten como finalidade diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado. Efectuarase nas primeiras sesións do curso. A información obtida nesta avaliación inicial, xunto coa que nos proporcione o Departamento de Orientación e a consulta do expediente académico do alumnado no XADE, será unha ferramenta esencial para que poidamos coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, e así consigamos adaptar o proceso de ensinoaprendizaxe á proposta didáctica. A avaliación inicial tamén é unha ferramenta importante para coñecer o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Os resultados da avaliación axudarán a tomar decisións no ámbito educativo, como solicitar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	33	33	34	100
Proba escrita	60	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40	40

Cráterios de cualificación:

Na presente programación non existe ningún criterio de avaliación nin actividade cuxa non superación impida que o alumnado aprobe a materia.

A nota de cada avaliación será o resultado da suma dos seguintes apartados:

- Traballo diario, notas por traballos, participación activa, chamadas de clase, caderno, realización das tarefas encomendadas e emprego da lingua. Este apartado suporá un 10% da nota.

- Libro de lectura obrigatoria, avaliado a través de probas orais ou escritas, suporá o 20% da nota.

- Comunicación oral, exposición(s) ora(l)is avaliada(s) a través dunha rúbrica e rexistro de participación do alumnado. A non presentación, ou a presentación adiada da exposición oral, sen xustificación razoable (non preparala en tempo e forma, non serviría como xustificación) suporá un desconto na nota ou mesmo unha cualificación de 0 puntos. O conxunto das probas orais suporán un 10% da nota.

- Proba(s) escrita(s) sobre os contidos desenvolvidos ao longo do trimestre. Este apartado valorarase co 60% da nota. Nas probas escritas, ademais dos criterios de cualificación específicos de cada actividade, aplicarase unha penalización de nota por incorreccións lingüísticas que poderá supor un máximo de 1 punto da nota final do exame.

No Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no artigo 12 establécese: "2. Nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado". O incumprimento deste artigo por parte da alumna ou alumno no desenvolvemento das sesións de clase provocará un suspenso na materia en tanto que demostra falta de coñecemento ou respecto pola utilización da nosa lingua que é o núcleo da propia materia.

Seguindo o Decreto tamén, o alumnado deberá falar e escribir en galego nas súas probas e, de non facelo, a proba en cuestión será cualificada con 0 puntos. Entenderase que unha proba está noutra lingua e non en galego cando o nivel de incorreccións supere o dobre do permitido.

--- Cualificación trimestral: A nota de cada trimestre corresponderase coa cualificación das actividades de avaliación das unidades didácticas abranguidas nel aplicando a ponderación de nota correspondente entre elas. Para superar a materia deberá ter unha media aritmética de cualificación de 5 puntos ou superior, tendo en conta o conxunto de actividades de avaliación, sendo as probas escritas só unha parte delas. Por regra xeral e podendo estar suxeito a cambios, os exames de recuperación realizaranse no último trimestre. Pola contra, non serán recuperables as partes referentes ao libro de lectura, ao traballo diario e á comunicación oral. O alumnado terá que amosar ter adquirido todos os coñecementos referidos aos contidos mínimos, recollidos nesta programación.

--- Cualificación ordinaria: Para o cálculo da cualificación ordinaria do curso, farase a media aritmética das notas medias dos tres trimestres.

--- Cualificación final: O alumnado para superar a materia deberá ter unha media aritmética de cualificación de 5 puntos ou superior tendo en conta o conxunto de actividades de avaliación, sendo as probas escritas só unha parte delas. Na cualificación final influirán tanto o grao de asimilación de contidos por parte do alumnado (criterio este básico e fundamental); a actitude de traballo e as lecturas e traballos realizados. Ao alumnado que obteña unha cualificación inferior a 5 daráselle a oportunidade de realizar unha proba co obxectivo de superar a materia na que entrarán contidos das 3 avaliacións das probas escritas. A cualificación final corresponderá coa media aritmética das notas medias dos tres trimestres.

O alumno/a que non realice un exame na data fixada deberá presentar xustificante para poder realizalo outro día (salvo no caso de que o faga de forma repetida e en varias materias, nese caso poderase pedir un xustificante oficial). A falta de asistencia dun alumno ao exame escrito sen xustificar entenderase como un non presentado, e nesa parte levará a cualificación mínima. Empregar métodos fraudulentos na realización das probas, permitir que outros copien o seu traballo, implicará a obtención automática dun cero na proba correspondente.

Calquera proba gravemente ilexible ou mal presentada poderá non ser cualificada ou ser rebaixada da nota.

O alumnado non poderá facer uso de ningún tipo de aparello electrónico durante as probas. De ser sorprendido facendo uso do teléfono móbil ou calquera outro aparello, implicará a obtención automática dun cero na proba

correspondente. O mesmo ocorrerá se é sorprendido con calquera outro formato con anotacións durante as probas: na mesa, parede, papeis ou calquera parte do corpo, por exemplo. O profesorado resérvase o dereito de recoller os dispositivos electrónicos (teléfonos móbiles, auriculares, reloxos intelixentes, reprodutores...) ao alumnado que serán devoltos ao remate da proba.

Criterios de recuperación:

Na avaliación final o alumnado que obteña unha cualificación inferior a 5 terá a oportunidade de realizar unha proba cuxos contidos se avaliarán de acordo coas seguintes porcentaxes:

- 60% para a parte de contidos que ao longo do curso se avaliou nas probas escritas
- 40% referente ao libro de lectura e á comunicación oral

O apartado de traballo diario non será recuperable.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Os mecanismos de recuperación do alumnado que promocioe a 3º da ESO e teña pendente a materia de Lingua Galega e Literatura de 2.º de ESO aparecen especificados nesta programación.

Segundo o artigo 13.5. da Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia: «Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias pendentes, se for o caso. A derradeira destas tres sesións poderá coincidir coa avaliación final do período ordinario. Haberá, así mesmo, unha sesión de avaliación logo da realización das probas extraordinarias. As avaliacións finais ordinaria e extraordinaria realizaranse nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso».

En primeiro lugar, seguirase o disposto no Artigo 51. da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación que alude ao Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar e que dita o seguinte:

1. O alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.
2. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teña pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.
3. O plan de reforzo debe incluír, cando menos:
 - a) Identificación da alumna ou do alumno.
 - b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
 - c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
 - d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento. As estratexias serán distintas ás empregadas habitualmente na aula co resto do alumnado debido á falta de presencialidade na aula.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, se for necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirá sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberá obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

Criterios de cualificación: o 60 % corresponde coas probas escritas e o 40 % restante ós boletíns de exercicios. Para considerar a materia recuperada será necesario acadar unha nota mínima de 5 puntos na cualificación final resultante da media aritmética. Cómpre ter en conta que a superación da materia nun curso superior, significará o aprobado da materia suspensa no nivel inferior.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade enténdense como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a darlles resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

Segundo o artigo 49 da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, "as administracións educativas asegurarán os recursos necesarios para que as alumnas e alumnos que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se acharen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado".

A partir da avaliación inicial, proporanse as correspondentes actuacións de seguimento e atención ao alumnado, tanto as medidas ordinarias como as extraordinarias. Faranse actividades especificamente deseñadas para cada caso.

Así, en concreto, o plan específico personalizado para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, obrigado polo artigo 52 da Orde do 8 setembro de 2021 de atención á diversidade incluírá os seguintes apartados:

- a) Identificación da alumna ou do alumno
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan
- f) Se for o caso, oferta de medidas extraordinarias
- g) Acreditación da información á familia

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, se for necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e aproveitamento.

Débese ter en conta o establecido no artigo 41 da citada Orde que, de conformidade co artigo 7 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, define as medidas de atención á diversidade como as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado.

Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e deberán estar recollidas no Plan xeral de atención á diversidade e nas concrecións anuais do dito plan.

Nas medidas ordinarias, por exemplo, teranse en conta os reforzos educativos (RE) e nas extraordinarias as adaptacións curriculares (ACS)

No caso dos RE elaborárase un informe individual final de curso sobre as medidas de reforzo educativo onde consten os datos do alumno ou alumna e os datos do reforzo educativo en que se inclúa a data de comezo e de remate e a descrición das medidas desenvolvidas (motivo, descrición das medidas, temporalización, axuda do profesorado, corrección, e valoración final e coa previsión para o seguinte curso se ten que continuar ou non o RE.

No momento da elaboración desta PD, logo de analizar os informes do centro e da información facilitada pola orientadora, cóntase con 6 alumnos con TDAH, un alumno con TEA, 4 alumnos que son propostos para ACS (un deles é dos diagnosticados TDAH) e 2 con serias dificultades para o idioma por descoñecemento da lingua e incorporación tardía ao sistema educativo (un deles é dos propostos para ACS). Alén diso, en 2º áchanse catro alumnos coa materia de 1ºESO sen superar, aos que se lle aplicará o plan de reforzo que aparece descrito no apartado 5.3 desta programación.

Ante esta situación, as medidas concretas que se van aplicar ao alumnado con TDAH ou TEA son as establecidas no Decreto 229/2011, do 7 de decembro

- Para os alumnos aos que se lles vai aplicar unha ACS, que terá que ser autorizada pola Inspección Educativa, o procedemento para a súa elaboración é o establecido na Orde do 8 de setembro de 2021.

- Para o alumnado con dificultades para o idioma por incorporación tardía ao sistema educativo realizarase reforzo educativo.

No caso de que ao longo do curso se matriculase algún alumno ou alumna con algunha destas problemáticas: dislexia, discapacidade auditiva, TEA, Down ou discapacidade intelectual, TDAH, absentismo, atención temperá ou dificultades para o idioma seguiranse os protocolos establecidos pola Consellería.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.2 - Competencia dixital			X
ET.3 - Emprendemento social e empresarial			X
ET.4 - Fomento do espírito crítico e científico		X	
ET.5 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.6 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.7 - Creatividade	X		X

Observacións:

O Decreto do currículo de ESO establece que en todas as materias e, polo tanto, en Lingua Galega e Literatura de 2º de ESO, se traballarán os seguintes elementos transversais:

- a comprensión lectora
- a expresión oral e escrita
- a comunicación audiovisual
- a competencia dixital
- o emprendemento social e empresarial
- o fomento do espírito crítico e científico
- a educación emocional e en valores
- a igualdade de xénero
- a creatividade

Alén diso, pola peculiaridade da materia de Lingua Galega e Literatura, a comprensión lectora e a comunicación oral e escrita, ao formar parte do currículo, serán elementos tratados dunha ou doutra maneira en todas as unidades didácticas, polo que non aparecen singularizados en ningunha delas.

Xa fixemos mención, no apartado 4.1. desta Programación, ao feito de que se ía traballar de xeito específico a educación emocional. Se de verdade queremos apostar por unha sociedade democrática, de progreso e liberdades, onde cada un dos seus membros sexa tratado con dignidade e valorado na súa integridade faise imprescindible potenciar a Intelixencia Emocional, comezando polo recoñecemento das emocións propias para poder desenvolver a empatía, conveténdose en persoas respectuosas coas necesidades, gostos e intereses dos demais, así como polas súas orixes e crenzas.

Por outro lado, as actividades relacionadas coa sociolingüística e a literatura favorecen o emprendemento e a educación cívica, a análise da igualdade efectiva entre persoas e a non discriminación por razón social ou persoal. Realizaranse, polo tanto, actividades enfocadas na igualdade efectiva entre homes e mulleres e na prevención da violencia de xénero. A propia análise da situación sociolingüística e das etapas da historia da lingua e literatura promoven a prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, e dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, a paz, a democracia e o respecto aos dereitos humanos, así como a reflexión sobre estereotipos que supoñen discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual e daquelas opcións diferentes da convencional heterosexual.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
O que nos une	Faranse unha serie de actividades relacionadas coa lingua galega, a tradición, a contorna e a sociedade na que se insire o alumnado, o teatro, os ODS etc.	X	X	X
Letras Galegas 2026	Durante a Semana das Letras Galegas 2025 realizaranse varias actividades como exposicións, actuacións musicais etc.			X

Observacións:

Ao longo do curso este departamento didáctico colaborará asiduamente coas actividades desenvoltas pola biblioteca do centro e polo equipo de Dinamización Lingüística.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

1. Propiciouse un ambiente motivador na aula.
5. O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación, cualificación e puntuación establecidos.
8. Procurouse a actualización profesional, tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da materia como no ámbito das novas tecnoloxías.
9. Fíxose un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.
12. Axustáronse as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo á súa secuenciación.
13. Mantívose a coherencia entre obxectivos, criterios de avaliación, contidos e os mínimos de consecución.
14. Utilizáronse procedementos, criterios e instrumentos de avaliación adecuados.
19. Analizáronse as cualificacións do alumnado e valoráronse as porcentaxes de aprobados e suspensos na materia.
21. Corrixíronse as probas no prazo establecido, e analizáronse e comentáronse posteriormente na aula.
23. Pasóuselle ao alumnado un cuestionario-enquisa a respecto da práctica docente do profesor ou profesora.
24. Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua galega habitualmente na clase co profesor ou profesora e cos seus compañeiros e compañeiras.
Metodoloxía empregada
6. Impartíuse a clase de forma amena, con explicacións claras e exemplificacións sinxelas e comprensibles.
15. Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.
16. Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidores/as, ACS, reforzos.
17. Participouse no Plan lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.).
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
10. Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos.
20. Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.
Medidas de atención á diversidade
2. Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas, tanto culturais como de procedencia.
3. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes.
4. Mantívose o seguimento personalizado de todo o alumnado ao longo do curso.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
7. Respectouse a puntualidade á hora de entrar na aula e mostrouse unha actitude entusiasta e dinámica.
11. Estableceuse unha comunicación continuada co alumnado imposibilitado para asistir temporalmente ao centro (atención domiciliaria, hospitalización etc.), a través da aula virtual ou doutras comunicacións telemáticas.
18. Asistíuse ás reunións de departamento achegando ideas, información e modificacións á PD, valorando os resultados das avaliacións do alumnado e propondo estratexias de mellora.
22. Mantívose contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensino-aprendizaxe das fillas ou fillos.

Descrición:

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes".

Estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: ao referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica.

Os ditos indicadores de logro valoraranse nunha escala de 0 a 5, e os seus resultados deben ser inseridos dentro da memoria final.

Para recompilar información e elaborar os indicadores de logro poderanse utilizar os cuestionarios que lle foron proporcionados ao alumnado, mesmo ao final de cada trimestre e ao remate do curso.

Todos estes datos formarán parte de memoria final e deben terse en conta para que se poidan corrixir as deficiencias detectadas na PD do próximo curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Alén diso, tivéronse en conta as propostas de mellora existentes na memoria do curso pasado.

A estrutura da PD inclúe os apartados que recolle a Resolución do 26 de maio de 2022 que se expresan a seguir:

-Introdución

-Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias

-Relación de unidades didácticas, coa súa secuenciación e temporalización, que conteñen a parte do currículo da materia que se traballou e a relación dos instrumentos de avaliación.

-Metodoloxía, coas concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos

-A avaliación, que refire o procedemento para a avaliación inicial, os criterios de cualificación coa indicación dos mínimos de consecución para superar a materia

-Medidas de atención á diversidade

-A concreción dos elementos transversais

-As actividades complementarias

-A práctica docente, que inclúe o procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro e o procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da propia programación didáctica.

En previsión de calquera circunstancia imprevista, tipo COVID ou outras, achegaríase unha addenda coas correspondentes modificacións, basicamente en canto a modificación da metodoloxía e dos indicadores de logro mínimos por se fose necesaria unha atención virtual do alumnado.

Rematado o curso, para proceder a unha avaliación, revisión e propostas de mellora da PD, débense considerar os seguintes apartados:

-A programación entregouse no prazo establecido normativamente.

-O desenvolvemento da programación didáctica foi analizado e revisado na última reunión de departamento de cada trimestre.

-Valorouse o grao de cumprimento da secuenciación e temporalización das respectivas unidades didácticas, e se o seu deseño se axustou aos distintos elementos do currículo.

-Valorouse a metodoloxía seguida e se os materiais e recursos didácticos empregados deron os resultados previstos.

-En canto á avaliación, analizouse se o deseño das probas de avaliación inicial e os mecanismos para a súa realización foron os adecuados.

-Así mesmo, valorouse se os criterios de avaliación establecidos ao longo do curso foron os axeitados.

-Revisáronse as medidas adoptadas a respecto do alumnado NEAE presente nas aulas.

-Valorouse a pertinencia dos distintos elementos transversais e o grao de cumprimento e participación en actividades complementarias.

-Analizouse se os mecanismos de información ás familias estaban dando os resultados previstos e se foron útiles e axeitados.

-Incluíuse a avaliación da práctica docente e da propia PD.

-Partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) e tivéronse en conta as propostas existentes na memoria do curso anterior.

Para levar a cabo esta análise e comprobación da adecuada aplicación da PD, elaboráronse os seguintes indicadores de logro, que deberán ir acompañados das correspondentes puntuacións nunha táboa de 1 a 5.

1. Consegue acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.
2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.
3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.
4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.
5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.
6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.
7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (segundo os protocolos de actuación correspondentes).
8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.
9. A materia contribuíu aos distintos plans do centro: PLC, Plan lector, TIC, Convivencia....
10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.
11. Avaliouse o cumprimento da PD aplicando unha escala de 1 a 5 .
12. Establecéronse propostas para emendar as deficiencias observadas na aplicación da PD.
13. Estas propostas foron incluídas na memoria final do departamento.

Na acta da última reunión do departamento recolleranse todas as modificacións ou adaptacións feitas ao longo do curso e as propostas de mellora suxeridas. Todos estes datos incluíranse, ademais, na memoria final do departamento para seren tidas en conta na PD do próximo curso; tamén serán transmitidas e expostas, se for o caso, na primeira reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Por último, convén sinalar que todos os membros do departamento didáctico realizarán a necesaria actualización para poderen elaborar e facer o correspondente seguimento da PD a través da aplicación PROENS.

9. Outros apartados